

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	San Clemente	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CD3IFC000100	Administración de sistemas informáticos en rede	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0369	Implantación de sistemas operativos	2024/2025	8	213	255
MP0369_13	Instalación e configuración de sistemas operativos	2024/2025	8	71	85
MP0369_23	Xestión de dominios	2024/2025	8	90	108
MP0369_33	Monitorización e mantemento de sistemas operativos	2024/2025	8	52	62

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	PABLO SALGADO ROO (Subst.)
Outro profesorado	PABLO SALGADO ROO

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de "Implantación de sistemas operativos" impártese no primeiro curso do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en "Administración de Sistemas Informáticos en Rede".

O desenvolvemento curricular deste módulo profesional fíxose tomando como referencia o Centro educativo IES San Clemente que cumpre as condicións establecidas pola L.O.E. e os Reais Decretos que a desenrolan en canto a espazos, instalacións, alumado, etc.

A impartición do módulo "Implantación de sistemas operativos", está contextualizado para o entorno da cidade de Santiago de Compostela, onde podemos atopar varias empresas de servizos informáticos, moitas delas dependentes das Administracións Públicas (Xunta, Concello e Universidade) que acollen á gran maioría dos alumnos do ciclo para a Formación en Centros de Traballo e onde é previsible que poidan desenrolar a súa carreira profesional estes alumnos.

Tamén se ten moi en conta que, nos últimos anos, está a aumentar o número de alumnos deste Ciclo que realizan o módulo de FCT en Portugal, Irlanda e Reino Unido e reciben, posteriormente, ofertas de traballo en dito país en empresas multinacionais de telecomunicacións relacionadas coa montaxe e reparación de sistemas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Introdución aos sistemas operativos	Introdución aos conceptos básicos dos sistemas informáticos e dos sistemas operativos	15	7
2	Instalación de sistemas operativos. Virtualización.	Instalación, proceso de arranque e actualización de sistemas operativos. Software de virtualización e operación con máquinas virtuais	28	16
3	Xestión da información	Introdución aos sistemas de ficheiros, manexo e administración	18	10
4	Administración de Software Base	Administración de contas de usuarios e grupos, permisoros, ficheiros de configuración, acceso a recursos en rede, ...	24	12
5	Administración de dominios	Introdución aos dominios, estrutura e administración	65	20
6	Xestión de acceso ao dominio	Configuración de permisos, administración de acceso aos recursos e administración de directivas.	43	15
7	Supervisión do rendemento do sistema	Monitorización e xestión de aplicacións, servizos e procesos do sistema.	32	10
8	Auditorías	Concepto de auditoría e mecanismos.	15	5
9	Resolución de incidencias e asistencia técnica	Incidencias e protocolos de actuación	15	5

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Introdución aos sistemas operativos	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Instala sistemas operativos, logo de analizar as súas características e de interpretar a documentación técnica.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os elementos funcionais dun sistema informático.
CA1.2 Identifícaronse as características, as funcións e a arquitectura dun sistema operativo.
CA1.3 Comparáronse sistemas operativos, así como as súas versións e as súas licenzas de uso, en función dos seus requisitos, das súas características e dos campos de aplicación.

4.1.e) Contidos

Contidos
Estrutura dun sistema informático.
Dixitalización da información.
Concepto de sistema operativo.
Arquitectura dun sistema operativo.
Funcións dun sistema operativo.
Tipos de sistemas operativos.

Contidos
Licenzas e tipos de licenzas.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Instalación de sistemas operativos. Virtualización.	28

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Instala sistemas operativos, logo de analizar as súas características e de interpretar a documentación técnica.	NO
RA2 - Configura o sistema operativo, logo de analizar as necesidades de explotación do sistema informático.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Instaláronse sistemas operativos.
CA1.5 Realizáronse instalacións desatendidas.
CA1.6 Prevíronse e aplicáronse técnicas de actualización e recuperación do sistema.
CA1.7 Arranxáronse incidencias do sistema e do proceso de inicio.
CA1.8 Utilizáronse ferramentas para coñecer o software base instalado no sistema e a súa orixe.
CA1.9 Elaborouse documentación de soporte relativa ás instalacións efectuadas e ás incidencias detectadas.
CA1.10 Elaboráronse guías visuais e manuais para instruír no uso de sistemas operativos.

Criterios de avaliación

CA2.8 Utilizáronse máquinas virtuais para realizar tarefas de configuración de sistemas operativos e analizar os seus resultados.

4.2.e) Contidos
Contidos

0Instalacións desatendidas.

Implementación de ficheiros de respostas.

Interpretación, análise e elaboración de manuais de instalación de sistemas operativos.

Actualización de sistemas operativos.

Ficheiros de inicio de sistemas operativos.

Rexistro do sistema.

Actualización e mantemento de controladores de dispositivos.

Consideracións previas á instalación de sistemas operativos libres e propietarios.

Instalación de sistemas operativos: requisitos, versións e licenzas.

Máquinas virtuais.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Xestión da información	18

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Configura o sistema operativo, logo de analizar as necesidades de explotación do sistema informático.	NO

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Asegura a información do sistema utilizando copias de seguridade e sistemas tolerantes a fallos, e describe os procedementos.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.5 Definíronse permisos de acceso aos recursos do sistema, empregando as capacidades do sistema de ficheiros e do sistema operativo.
CA3.1 Comparáronse diversos sistemas de ficheiros e analizáronse as súas diferenzas e as vantaxes da súa implementación.
CA3.2 Describiuse a estrutura de directorios do sistema operativo.
CA3.3 Identificáronse os directorios contedores dos ficheiros de configuración do sistema (binarios, ordes e librerías).
CA3.4 Utilizáronse ferramentas de administración de discos para crear particións, unidades lóxicas e volumes.
CA3.5 Implantáronse sistemas de almacenamento redundante.
CA3.6 Puxéronse en práctica e automatizáronse plans de copias de seguridade.
CA3.7 Documentáronse as operacións realizadas e os métodos para a recuperación ante desastres.

4.3.e) Contidos

Contidos
Definición de permisos de uso dos ficheiros.
Compartición de recursos en rede. Definición dos permisos de acceso.
Sistemas de ficheiros: características. Sistemas empregados na actualidade. Sistemas de ficheiros distribuídos, transaccionais, cifrados, comprimidos e virtuais.
Sistemas de tolerancia a fallos.
Tipos de copias de seguridade.

Contidos
<p>Plans e programación de copias de seguridade.</p> <p>Recuperación en caso de fallo do sistema.</p> <p>Discos de arranque e de recuperación.</p> <p>Copias de seguridade do sistema. Recuperación do sistema mediante consola. Puntos de recuperación.</p> <p>Xestión de sistemas de ficheiros mediante comandos e contornos gráficos.</p> <p>Xestión de ligazóns.</p> <p>Estrutura de directorios de sistemas operativos libres e propietarios.</p> <p>Procura de información do sistema mediante comandos e ferramentas gráficas.</p> <p>Xestión da información do sistema: rendemento e estatísticas.</p> <p>Montaxe e desmontaxe de dispositivos en sistemas operativos: automatización.</p> <p>Ferramentas de administración de discos: particións e volumes; desfragmentación e recoñecemento.</p> <p>Extensión dun volume. Volumes distribuídos.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Administración de Software Base	24

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Configura o sistema operativo, logo de analizar as necesidades de explotación do sistema informático.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Planifícanse, creáronse e configúranse contas de usuario, grupos, perfís e políticas de contrasinais locais.
CA2.2 Asegúrese o acceso ao sistema mediante o uso de directivas locais de conta.
CA2.3 Instálóronse, configúranse e verifícanse protocolos de rede.
CA2.4 Analizáronse e configúranse os métodos de resolución de nomes.
CA2.6 Administráronse cotas de disco.
CA2.7 Adaptouse o uso dos sistemas operativos para sistemas portátiles.
CA2.9 Documentáronse as tarefas de configuración do software de base.

4.4.e) Contidos

Contidos
Administración de usuarios e grupos locais.
Resolución de problemas de conectividade do sistema operativo.
Cotas de disco. Niveis de cota e niveis de advertencia.
Adaptación de sistemas para computadores portátiles.
Acceso a ficheiros de rede sen conexión.
Configuración das opcións de accesibilidade do sistema operativo.
Interpretación, análise e elaboración de manuais de configuración de sistemas operativos.
Usuarios e grupos predeterminados.
Directivas de conta locais.

Contidos
Seguridade de contas de usuario.
Seguridade de contrasinais.
Administración de perfís locais de usuario.
Configuración do protocolo TCP/IP en sistemas operativos cliente.
Configuración da resolución de nomes.
Ficheiros de configuración de rede. Configuracións múltiples e configuracións de respaldo.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Administración de dominios	65

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Implanta dominios, para o que define a topoloxía e configura os servidores co papel que representan nela.	SI
RA2 - Centraliza a información en servidores administrando estruturas de dominios, e analiza as súas vantaxes.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as vantaxes dos dominios, a súa nomenclatura, os seus compoñentes e o seu funcionamento.
CA1.2 Identifícanse os requisitos necesarios para a implantación de dominios.
CA1.3 Créanse dominios, subdominios e bosques.
CA1.4 Engadíronse e elimináronse servidores a un dominio.

Criterios de avaliación
CA1.5 Establecéronse relacións de confianza entre dominios.
CA1.6 Definíronse sitios e subredes.
CA1.7 Xestionáronse os procedementos de replicación da información do dominio.
CA1.8 Realizáronse operacións de transferencia e implantación de roles sobre os servidores dun dominio.
CA1.9 Leváronse a cabo instalacións desatendidas de controladores de dominio.
CA1.10 Documentouse a estrutura do dominio.
CA2.1 Administráronse contas de usuario e de equipamentos.
CA2.2 Centralizouse a información persoal dos usuarios do dominio mediante o uso de perfís móbiles e cartafoles persoais.
CA2.3 Creáronse e administráronse grupos de seguridade.
CA2.4 Creáronse patróns que faciliten a administración de usuarios con características similares.
CA2.5 Organizáronse os obxectos do dominio para facilitar a súa administración.
CA2.6 Utilizáronse máquinas virtuais para administrar dominios e verificar o seu funcionamento.
CA2.7 Documentáronse as tarefas realizadas.

4.5.e) Contidos

Contidos
Estrutura cliente servidor.
0Instalación dunha infraestrutura de dominio.
Operacións sobre os servidores de dominio.
Establecementos de relacións de confianza.

Contidos

Sitios e subredes.

Replicación da información dos dominios.

Servidores de catálogo global.

Roles. Mestres de operacións.

Delegación das funcións de administración.

Realización de instalacións desatendidas de servidores de dominio.

Protocolo LDAP.

Concepto de dominio.

Requisitos necesarios para montar un dominio.

Servidores de dominio: estrutura e topoloxía.

Bosques. Subdominios. Unidades organizativas.

Controladores do dominio.

Estacións e servidores membros dun dominio.

Estratexias organizativas.

Ferramentas gráficas e en liña de comandos para a administración de dominios.

Obxectos do dominio. Organización dos obxectos na estrutura do dominio.

Tipos de contas. Contas de usuarios e equipamentos.

Administración de contas. Contas predeterminadas.

Contrasinais. Bloqueos de conta.

Perfis móbiles e obrigatorios.

Cartafoles persoais.

Patróns de usuario. Variables de contorno.

Contidos
Administración de grupos: tipos. Estratexias de aniñamento. Grupos predeterminados.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Xestión de acceso ao dominio	43

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Administra o acceso a dominios respectando os requisitos de seguridade.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Incorporáronselle equipamentos ao dominio.
CA3.2 Configúranse bloqueos para accesos non autorizados ao dominio.
CA3.3 Adminístrouse o acceso aos recursos do dominio.
CA3.4 Tivéronse en conta os requisitos de seguridade.
CA3.5 Implementáronse e verificáronse directivas de grupo.
CA3.6 Asignáronse directivas de grupo.
CA3.7 Documentáronse as tarefas e as incidencias.

4.6.e) Contidos

Contidos
Equipamentos do dominio.
0Ferramentas de xestión das directivas de grupo.
Permisos e dereitos.
Administración do acceso a recursos.
Permisos de rede. Permisos locais. Herdanza. Permisos efectivos.
Delegación de permisos.
Listas de control de acceso.
Directivas de grupo. Creación, enlace e distribución.
Directivas de seguridade. Dereitos de usuarios. Obxectos de directiva. Ámbito das directivas. Patróns.
Tarefas de administración das directivas de grupo.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Supervisión do rendemento do sistema	32

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Detecta problemas de rendemento monitorizando o sistema coas ferramentas adecuadas, e documenta o procedemento.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os obxectos monitorizables nun sistema informático.

Criterios de avaliación
CA1.2 Identifícaronse os tipos de sucesos.
CA1.3 Utilizáronse ferramentas de monitorización en tempo real.
CA1.4 Monitorizouse o rendemento mediante rexistros de contador e de seguimento do sistema.
CA1.5 Planificáronse e configuráronse alertas de rendemento.
CA1.6 Interpretáronse os rexistros de rendemento almacenados.
CA1.7 Analizouse o sistema mediante técnicas de simulación para mellorar o rendemento.
CA1.8 Actuouse sobre os servizos e os procesos en función das necesidades do sistema.
CA1.9 Elaborouse documentación de soporte e de incidencias.

4.7.e) Contidos

Contidos
Ferramentas de monitorización en tempo real.
Ferramentas de monitorización continuada.
Ferramentas de análise do rendemento.
Tipos de sucesos.
Rexistros de sucesos.
Monitorización de sucesos.
Xestión de aplicacións, servizos, procesos e subprocessos.
Monitorización de aplicacións e procesos.
Monitorización do sistema e do seu rendemento. Xeración de rexistros de funcionamento. Ferramentas de análise dos rexistros. Protocolo SNMP.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Auditorías	15

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Audita o uso e o acceso a recursos, respectando as necesidades de seguridade do sistema.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse os obxectos e os sucesos auditaíbles.
CA2.2 Elaborouse un plan de auditorías.
CA2.3 Identifícaronse as repercusións das auditorías no rendemento do sistema.
CA2.4 Auditáronse sucesos correctos e erróneos.
CA2.5 Auditáronse os intentos de acceso e os accesos a recursos do sistema.
CA2.6 Xestionáronse os rexistros de auditoría.
CA2.7 Documentouse o proceso de auditoría e os seus resultados.

4.8.e) Contidos

Contidos
Requisitos de seguridade do sistema e dos datos.
Obxectivos da auditoría.
Ámbito da auditoría. Aspectos auditaíbles.

Contidos
Mecanismos de auditoría. Alarmas e accións correctivas.
Información do rexistro de auditoría.
Técnicas e ferramentas de auditoría.
Informes de auditoría.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Resolución de incidencias e asistencia técnica	15

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza tarefas de mantemento e asistencia técnica asegurando o correcto funcionamento dos sistemas informáticos.	SI

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identificáronse mecanismos de actualización do software base do sistema.
CA3.2 Configurouse e utilizouse un servidor de actualizacións.
CA3.3 Planificáronse protocolos de actuación para resolver incidencias.
CA3.4 Seguíronse os protocolos de actuación para resolver incidencias.
CA3.5 Deuse asistencia técnica presencial e a través da rede.
CA3.6 Documentáronse as incidencias observadas e a súa resolución.

4.9.e) Contidos

Contidos
Interpretación, análise e elaboración de documentación técnica.
Servidores de actualizacións automáticas.
Partes de incidencias.
Protocolos de actuación.
Técnicas de asistencia remota aos usuarios.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

<p>Mínimos exixibles:</p> <p>Os mínimos esixibles están definidos en función dos criterios de avaliación especificados en cada unidade didáctica (ver apartado 4.c.). Para superar o módulo, o alumnado deberá demostrar que alcanza os resultados de aprendizaxe establecidos para cada avaliación.</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <p>A avaliación do módulo estrutúrase en tres avaliacións parciais, sendo imprescindible superar as tres para obter unha cualificación positiva. O alumnado que non aprobe algunha destas avaliacións deberá realizar un exame final para recuperar as partes pendentes. A cualificación de cada avaliación dividírase do seguinte modo:</p> <p>* Tarefas e prácticas propostas (ata o 20%):</p> <ul style="list-style-type: none">- Avaliarase a calidade, o esforzo, a puntualidade e o cumprimento das indicacións do profesorado.- A non entrega das prácticas suporá non superar a avaliación correspondente. <p>* Probas intermedias ("controis", ata o 30%):</p> <ul style="list-style-type: none">- Realizaranse ao longo da avaliación e serán obrigatorias.- Para superar esta parte, é necesario obter un mínimo de cinco puntos sobre dez en cada proba.
--

* Proba final da avaliación (entre o 50% e o 70%):

- Terá carácter obrigatorio e ponderará entre o 50% e o 70% da nota final da avaliación.
- Será necesario acadar un mínimo de cinco puntos sobre dez para superar a proba.

Consideracións adicionais:

- Todas as partes (tarefas, probas intermedias e proba final) deben obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 para considerar a avaliación superada.
- En caso de non alcanzar os mínimos en calquera das partes, a cualificación final da avaliación non poderá superar un 4, mesmo se a media ponderada das partes fose superior.
- As tarefas deberán entregarse na plataforma de educación (Moodle) dentro dos prazos establecidos.
- Os controis e probas poderán realizarse en soporte dixital (empregando máquinas virtuais ou Moodle) ou en formato papel, segundo as indicacións do profesorado.

Exame final:

No exame final, o alumnado examínase das avaliacións non superadas. O módulo considerase superado cando se aproben as tres avaliacións.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

As actividades de recuperación empregadas basearanse en:

- Durante o curso :

Ao alumnado, que durante o curso mostre dificultades no seguimento do módulo, se lle indicará en clase cales son as actividades complementarias ou de reforzo que se considera que deben realizar para acadar superar o módulo.

Realízase en clase a corrección de traballos, probas e exames, así estes non só serán instrumentos de cualificación, si non tamén ferramentas de reforzo para o alumnado.

- Alumnado que non superou algunha das tres avaliacións :

Unha vez finalizadas as clases do módulo, o alumnado que non logrou superalo terá oportunidade de asistir a sesións de recuperación antes da proba extraordinaria, onde se traballará con toda a materia impartida durante o curso, aclarando dúbidas e incidindo nos aspectos que o alumnado considere de máis dificultade.

Realizaranse así, de novo, algunha das prácticas necesarias para superar o módulo en función das necesidades do alumnado.

- Alumnado de segundo que non logrou superar o módulo en primeiro :

O alumnado que cursa segundo curso, e ten pendente este módulo de primeiro, poderá acceder a un curso do Mestre, onde se lle facilitará material teórico, prácticas, exercicios e cuestionarios do módulo.

Se lle proporcionará tamén unha canle de comunicación có profesor por foros e correo electrónico, ademais da posibilidade de resolver dúbidas en horario de titorías de alumnado.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A avaliación continua require a asistencia regular do alumnado ás clases e ás demais actividades lectivas programadas.

Para que o alumnado sen dereito á avaliación continua poida aproveitar os contidos da materia porase á súa disposición os recursos que se empreguen na aula a través da plataforma virtual do centro. Nesta ferramenta poderán consultar os exercicios e prácticas en relación coas unidades de traballo, así como resolver as súas dúbidas a través do foro.

Realizaráselles un exame final sobre todos os contidos do curso que deberán aprobar para superar a materia. O alumnado tamén deberá entregar correctamente as prácticas enunciadas durante o curso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación, e da práctica docente, realizarase semanalmente na "plataforma de seguimento de programación" na que se anotarán, para cada unidade didáctica, os resultados de aprendizaxe acadados, os contidos impartidos e as actividades realizadas, e para cada unha das actividades os recursos empregados e o tempo invertido.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase, ademais da presentación do módulo, farase unha valoración inicial có fin de coñecer a situación de partida dos alumnos.

Coñecido este nivel de partida se poderán así realizar as prácticas precisas para acadar os coñecementos mínimos para abordar o estudo do módulo e tamén poder valorar o progreso do alumno

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Coa denominación de necesidades educativas específicas se presta especial atención aos alumnos estranxeiros, aos alumnos superdotados intelectualmente e aos alumnos con necesidades educativas especiais, ben pola presenza dunha ou varias discapacidades ou por outros factores de análogos efectos, establecendo un marco xeral que permita ás Administracións educativas garantir, en tódolos casos, unha adecuada resposta educativa ás circunstancias e necesidades que nestes alumnos concorren.

Có fin de asegura-lo dereito individual a unha educación de calidade, os poderes públicos desenrolarán as accións necesarias e aportarán os recursos e os apoios precisos que permitan compensar os efectos de situacións de desvantaxe social para o logro dos obxectivos de educación e de formación previstos.

Recursos e medidas:

- * En primeiro lugar, as Administracións educativas deben adoptar procedementos singulares naqueles centros escolares nos cales, resulte necesaria unha intervención educativa diferenciada, aportando os recursos materiais e de profesorado necesarios e proporcionarse o apoio técnico e humano preciso para o logro da compensación educativa.
- * En segundo lugar, o departamento de Orientación detectará, identificará e valorará as necesidades educativas especiais, e deseñará e coordinará os plans de apoio para atender á diversidade do alumnado do centro. Para isto contará con un equipo de profesionais cualificados e estará en contacto cós profesores titores e cós pais.
- * Por último, eu como profesor terei en conta as necesidades educativas específicas ou, simplemente, dificultades de aprendizaxe que algún alumno do grupo poida ter, elaborando para iso unha programación flexible e aberta que favoreza os cambios que se irán introducindo para dar resposta ás diferenzas individuais en estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses ou dificultades de aprendizaxe.
- * Como ferramenta de axuda para acadar esta atención individual empregárase o Moodle, pois permite prantexar e corrixir tarefas dun xeito persoal.

Como medidas de atención á diversidade adoptaranse as seguintes:

- * Fomento do traballo práctico.
- * Creación dun ambiente de traballo que favoreza a autonomía e o traballo en grupo. Se este clima se produce, o profesor dispón de máis tempo para identificar os alumnos que precisan axuda e proporcionar a atención especial máis conveniente en cada caso.
- * Agrupamentos flexibles e ritmos distintos.
- * Metodoloxías diversas nas formas de enfocar as exposicións e as actividades.
- * Actividades diferenciadas e adaptadas ás motivacións e necesidades dos alumnos.
- * Actividades de reforzo en grupos pequenos.
- * Como medidas individuais, para os alumnos estranxeiros que descoñezan a lingua e cultura españolas, ou que presenten graves carencias en coñecementos básicos, fomentárase a lectura de libros e catálogos de carácter técnico.
- * Cós alumnos superdotados intelectualmente, para que as actividades non resulten desmotivadoras, será maior o grao de esixencia nos aspectos científicos e de deseño dos contidos. Ademais unha vez satisfeitos os obxectivos básicos, se proporán actividades complementarias que estimulen a súa creatividade e autonomía.
- * Os alumnos con necesidades educativas especiais que requiran, nun período da súa escolarización ou ó longo de toda ela, e en particular no que se refire á avaliación, determinados apoios e atencións educativas, específicas por padecer discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, ou por manifestar graves trastornos da personalidade ou de conduta, terán unha atención especializada, con acordo ós principios de

non discriminación e normalización educativa.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Co obxectivo de fomentar a formación integral do alumnado, terase en conta a transversalidade dos valores no proceso educativo. Estes valores serán abordados cun enfoque interdisciplinario.

Os seguintes ámbitos recibirán unha atención destacada:

- Educación moral e cívica: Insistirase na importancia de cumprir coa lexislación vixente, especialmente no relativo ao respecto pola propiedade intelectual do software e o uso adecuado de Internet.
- Educación para a paz e a convivencia: Fomentárase o respecto mutuo e o cumprimento das normas de convivencia como principios fundamentais na dinámica diaria da aula.

Por outra banda, farase especial fincapé nas seguintes áreas:

- Seguridade e hixiene: Sensibilizarase ao alumnado sobre os riscos asociados ao uso do ordenador, especialmente para a vista e a postura corporal. Estableceranse medidas preventivas para minimizar estes riscos, cumprindo coa normativa en prevención de riscos laborais. Ademais, en cada actividade incluíranse precaucións e recomendacións para tomar as medidas de seguridade e hixiene que sexan necesarias
- Competencia lingüística en inglés técnico: Moitos dos manuais técnicos están dispoñibles exclusivamente en inglés polo que é preciso que o alumno posúa uns coñecementos básicos deste idioma, polo menos a nivel de tradución. Dada a importancia que este idioma ten nos procesos de selección de técnicos cualificados no mundo laboral potenciárase o seu coñecemento e a súa práctica.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Outro punto a ter en conta é a concienciación destes alumnos cara o mercado laboral, polo que está pensado, a nivel de departamento, e se as circunstancias o permiten, facer algunha visita a empresas como actividades extraescolares, como ao CESGA e ao CPD do SERGAS, así como outras actividades especialmente deseñadas polo departamento de orientación.